

ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL – 4º ESO



**«Non hai vento favorable para o barco
que non sabe cara onde vai» -**

Séneca

DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN
CPI AS MIRANDAS

ÍNDICE

CRITERIOS PROMOCIÓN E TITULACIÓN	2
Criterios para escoller materias/modalidades/estudios	4

OPCIÓN CO TÍTULO DA ESO..... 3

1. BACHARALETO

Características	6
Modalidades	10
Materias específicas e de libre configuración	6
Relación Bacharelato Graos Universitarios	14
ABAU	16
Relación Bacharelato Ciclos Superiores FP	21

2. CICLOS GRAO MEDIO FP

Características	25
Oferta Ciclos.....	26
Inscripción e Matrícula.....	27

3. ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL28

OPCIÓN SEN TÍTULO DA ESO

1. FP BÁSICA	33
2. EDUC. ADULTOS	34
3. Acceso Ciclos Mediante Probas.....	38
4. Probas libres Graduado en ESO.....	38

RESOLVENDO SUPOSTOS.....	39
---------------------------------	-----------

QUÉ FACER DESPOIS DA ESO?

O primeiro que debemos ter claro: PROMOCIÓN E TITULACIÓN 4º ESO

Titulas se aprobas todo ou tes como **MÁXIMO dúas materias que non sexan simultaneamente: Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.**

Sen prexuízo da anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno/a ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

Repites 4º se suspendes tres ou máis materias ou **suspendes dúas materias que son simultaneamente** algunha das seguintes: **Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.**

4 º ESO É O ÚNICO CURSO QUE SE PODE REPETIR DÚAS VECES se non repetiches ningún curso máis na ESO.


Neste momento está **PARALIZADO O REQUISITO DE SUPERAR A AVALIACIÓN FINAL DE ETAPA para conseguir O TÍTULO (REAL DECRETO 5/ 2016)** Mentres non se consiga un **PACTO DE EDUCACIÓN** as probas se realizarán unicamente con carácter diagnóstica do sistema educativo nos centros designados pola Consellería.

LEMBRA QUE aínda que non titules o aprobado pode valerche para cursar outras opcións en menos tempo ou con menos esforzo. O alumnado que non titule recibirá unha certificación académica de carácter oficial, podendo obter convalidacións dalgunha parte da proba de acceso a ciclos de grado medio ou das probas libres para a obtención do título da ESO

E AGORA SÍ!

OPCIÓN CO TÍTULO DA ESO

Imos lembrar cales son as opcións despois da ESO SE OBTÉS O TÍTULO de Graduado/a en Educación Secundaria:




Antes de decidir unha opción debes facerche a pregunta: para que?

Bacharelato

Para que?


Co bacharelato terás un título académico e unha formación de base necesaria para realizar os seguintes estudos:



Se escolles esta opción debes ter xa algunha idea de que Graos Universitarios ou Ciclos de Grao superior de FPE ou Ciclos de Grao Superior/ Ensinanzas Superiores da oferta de Réxime Especial queres estudar. Por que? Porque as modalidades e materias do Bacharelato están relacionadas con estas opcións e escoller ben pode axudarte a conseguir praza e ter unha mellor formación de cara aos estudos posteriores.

Se escolles esta opción unicamente para ter o bacharelato, debes saber que ao ser un título académico, no mundo laboral terás opción a oposicións e traballos na empresa privada que non requiren especialización.

Ciclo de Grao Medio.



Para que?

Título de Técnico de FPE/Réxime Especial

O título de Técnico é un título profesional que habilita para ser traballador/a por conta allea ou emprender un negocio no sector profesional escollido. Con este título, e desde o ano 2016, tes acceso directo ao Grao Superior. Tes que ter en conta que se o teu obxectivo principal é cursar un Grao Superior é recomendable realizar o Bacharelato porque cursarás materias que che darán unha base para o CS (tamén é certo que co CM levarás máis base profesional nalgúns módulos). Ademais a reserva de prazas é maior para os de Bacharelato que para o alumnado de CM (20% das prazas). Polo tanto aínda que a opción máis recomendable para chegar ao CS ou Universidade é cursar o Bacharelato, existe a opción de iniciar un itinerario que che leve a ensinanzas superiores desde un CM.

CONCLUSIÓN: hai varios itinerarios posibles desde que titulas na ESO. Todos son boas opcións, unicamente hai que escoller o que se adapta máis aos teus intereses e motivacións e che ofrece máis garantías de éxito neste momento. **Ningún itinerario pecha portas!**

CRITERIOS PARA ESCOLLER MATERIAS/MODALIDADES/ESTUDOS

Podes empregar os seguintes criterios para escoller materias:

1. “O que se che dá ben e che gusta”
2. “O que queres facer despois da ESO”

1. “O QUE SE ME DA BEN, O QUE ME GUSTA”

Se tes unha materia na que es moi bo/boa e che gusta, se a escolles terás as seguintes vantaxes:

- poderás ter unha boa nota no teu expediente (importantísimo especialmente no Bacharelato xa que o teu expediente valerá 6 puntos sobre 14 na túa nota de acceso á universidade)
- terás bos resultados con menor esforzo

Que **non sabes en que destacas, podes** realizar unha autoanálise, a través da realización de test vocacionais. Estes, axudará a afondar no autocoñecemento axudándote a entender como es, cales son os teus gustos, teus valores, a descubrir que che gusta facer e que fas mellor. Recomendamos facer varios tests para contrastar os resultados, que solo serán fiables se es totalmente sincero/a ao escoller as respostas. Podes atopar exemplos en varios blogs de orientación, como:

- ✓ <https://www.educaweb.com/orientacion/intereses-profesionales/>
- ✓ http://www.eligeprofesion.org/pro_002.asp?ipag=12
- ✓ ou ben pasar polo departamento de Orientación

2. O QUE QUERO FACER DESPOIS DA ESO

2.1. SE QUERES FACER UN BACHARELATO (debes saber...)

Se cursas un Bacharelato debes ter en conta que en 1º Bacharelato terás materias que son continuidade das materias de 4º ESO, por iso é moi importante ter en conta que se escapaches de materias en 4º, notarás a falta de base polo que deberías escoller outras opcións ou ir buscando clases “extras”.

Que e? É a última etapa da Educación Secundaria, non é obrigatoria e a súa duración é de dous cursos, normalmente entre os 16 e os 18 anos.

QUE FINALIDADES TEN?

Proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa

con responsabilidade e competencia.

COMO SE ACCEDE ?

- Co título de ESO.
- Co título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño e co título de Técnico Deportivo.
- Co título de Ciclo de Grao Medio.

COMO SE ORGANIZA?

- Dura 2 cursos académicos.
- Pódese **repetir** un máximo de dúas veces na etapa, un curso cada vez, e excepcionalmente un curso dúas veces (previo informe favorable do equipo docente). Poderás permanecer escolarizado durante catro cursos académicos.
- Repetirán 1º curso os alumnos que teñan **avaliación negativa en máis de dúas materias**. En 2º deberán matricularse das materias pendentes de 1º. Se ao rematar 2º suspendes algunha/s materia/s poderás matricularte delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou podes optar por matricularte de todas as materias de 2º para mellorar as túas cualificacións.
- Para a **promoción** só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna debe cursar en cada un dos bloques.
- No Bacharelato hai **probos extraordinarios en setembro** das materias nas que non se obtivo cualificación positiva.
- **Para acadar o título hai que ter superadas todas as materias.**
- Dentro de cada modalidade hai varias opcións e itinerarios. Na modalidade que escollas cursarás materias de tres tipos: **troncais, específicas e de libre configuración**.
- Os períodos lectivos no bacharelato serán de 32 horas semanais.

No Bacharelato poderás escoller entre 3 modalidades:

-Modalidade de Ciencias.

-Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais. Esta modalidade á súa vez ten dous itinerarios: Humanidades, por unha parte, e Ciencias Sociais por outra.

-Modalidade de Artes (só nalgúns centros de Galicia).

CAMBIO DE MODALIDADE

En determinadas condicións pódese cambiar de modalidade ou de itinerario en 2º curso. Pero terás que pensalo moi ben e ter en conta que cambiar de modalidade de Bacharelato non é doado, pois estarías obrigado a cursar as materias troncais de 1º curso, ademais das de 2º. Para saber como cambiar de modalidade consulta no teu departamento de orientación.

QUE SON OS ITINERARIOS?

As ensinanzas de Bacharelato permítenche cursar estes estudos en función das túas preferencias: escoller unha modalidade entre tres previstas, unhas materias troncais dentro de cada modalidade e unhas materias específicas.

Estas sucesivas eleccións configuran **o teu itinerario persoal**. É necesario pois, que teñas unha idea clara do que queres estudar despois para poder deseñar o itinerario máis acorde coas túas preferencias e necesidades.

QUE TIPOS DE MATERIAS TEN?

Terás 3 tipos de materias:

1. Troncais:

✓ **Xerais:** Son para todos os alumnos as mesmas, con independencia da modalidade elixida. En 1º terás que cursar 4 en 1º e 4 en 2º curso. Podes velas no cadro.

✓ **De opción:** Son dúas materias a elixir dentro da modalidade escollida.

2. **Específicas:** Ademais de educación física, que será obrigatoria en 1º, terás que escoller un mínimo de 2 e un máximo de 3 materias en 1º e 2º e dependerán tamén da modalidade escollida. Tamén se pode escoller como específica unha materia troncal non escollida no bloque anterior.

3. **Libre configuración:** Estas materias poden ser de LC autonómica (por exemplo Lingua Galega e Literatura, que sempre haberá que elixila, e outras materias que oferta a Consellería para todos os centros). Tamén se inclúen neste apartado as materias de LC propias do centro.

As materias de idéntica denominación nos dous cursos (Por ex. Lingua Galega e Literatura I, Lingua Castelá e Literatura I, Matemáticas I, ...) son materias de aprendizaxe progresiva: deberás superar a materia de 1º para poder ser avaliado da materia de 2º (ver cadro). En caso de non ter cursada a de 1º poderás matricularte da

materia de 2º sempre que o profesorado que a imparta considere que reúne as condicións necesarias para aproveitar a materia de 2º. O normal é matricularse das dúas e a de 1º tería a consideración de pendente.

<u>1º DE BACHARELATO</u>	<u>2º DE BACHARELATO</u>
Lingua Castelá e literatura I	Lingua Castelá e literatura II
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura II
Primeira Lingua estranxeira I	Primeira Lingua estranxeira II
Matemáticas I	Matemáticas II
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Latín I	Latín II
Fundamentos da Arte I	Fundamentos da Arte II
Debuxo Técnico I	Debuxo Técnico II
Grego I	Grego II
Cultura Audiovisual I	Cultura Audiovisual II
Análise Musical I	Análise Musical II
Debuxo Artístico I	Debuxo Artístico II
Segunda Lingua Estranxeira I	Segunda Lingua Estranxeira II
Tecnoloxías da información e a comunicación I	Tecnoloxías da información e a comunicación II
Tecnoloxía Industrial I	Tecnoloxía Industrial II
Física e Química	Física / Química
Bioloxía e Xeoloxía	Bioloxía/ Xeoloxía

TITULACIÓN DE BACHARELATO

Para acadar o título nesta etapa é necesario superar todas as materias. A nota media da etapa será a media de todas materias de 1º e 2º cursos de bacharelato.

A que da acceso o título de bacharelato?

Co título de Bacharel podes acceder ao maior número de saídas profesionais:

- Estudos Universitarios: títulos de grao, previa superación da ABAU.
- Ciclos Formativos de Grao Superior de calquera Familia Profesional

- Estudos Superiores de Ensinanzas de Réxime Especial.
- Outros estudos: Piloto Civil, Estudos Militares Superiores, Forzas de Corpos de Seguridade, Centro Superior de Hostalería de Santiago e outras titulacións propias das universidades.

Os diferentes estudos están relacionados con cada modalidade e materias do Bacharelato, de xeito que en función do Bacharelato escollido terás máis fácil acceso a uns Graos universitarios e Ciclos Superiores de formación profesional determinados.

Se estudas un bacharelato e unhas materias relacionadas cos estudos posteriores que vas cursar, terás moitas máis posibilidades de rematar con éxito eses estudos.

RESUMO DAS CARACTERÍSTICAS DO BACHARELATO:

OBXECTIVOS	Preparación para estudos Superiores Orientar vocacionalmente acorde coas preferencias e aptitudes
ACCESO	Co título de ESO Cos títulos de Técnico de Artes Plásticas e Deseño e co Título de Técnico Deportivo
Réximes ou Modalidades	Ordinario Adultos: presencial, semipresencial e a distancia
MODALIDADES	<ul style="list-style-type: none"> ✓ CIENCIAS ✓ HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS ✓ ARTES
TIPO DE MATERIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. TRONCAIS: 4 materias Xerais e 2 de opción 2. ESPECÍFICAS: E.Física + outras 2 ou 3 3. LIBRE CONFIGURACIÓN: Autonómica (lingua Galega obrigatoria) e propias do centro
PROMOCIÓN, REPETICIÓN E AVALIACIÓN	Repítese con + de 2 suspensas Ao promocionar con suspensas hai que matricularse delas. En 2º existe a posibilidade de repetir só coas suspensas. Máximo 2 repeticións (4 anos no bach)
TITULACIÓN	Superación de todas as materias
SAÍDAS	<ul style="list-style-type: none"> • Grados Universitarios (previa superación da proba de Acceso ABAU) • Ciclos FP grado Superiores • Estudos Superiores de Ensinanzas de Réxime Especial e Ensinanzas Deportivas

IES MUGARDOS (AO QUE ESTAMOS ADSCRITOS)

1º BACH		CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
MATERIAS TRONCAIS	XERAIS 4 materias	-Matemáticas I -L. Castelá e Lit I -L.Estranxeira I -Filosofía	HUMANIDADES -Latín I -L. Castelá e Lit I -L.Estranxeira I -Filosofía	CCSS -Matemáticas aplicadas ás CCSS I -L. Castelá e Lit I -L.Estranxeira I -Filosofía
	4+2= 6 materias	OPCIÓN (escolle unha opción) Escoller Opción 1 ou 2: Ciencias 1 -Bioloxía e Xeoloxía (4h) -Física e Química (4h) Ciencias 2 -Debuxo Técnico I (4 h) -Física e Química (4h)	Escoller Opción 1 ou 2: Humanidades 1: -Grego I(4h) -Historia do Mundo Contemporáneo (4h) Humanidades 2: -Literatura universal (4h) -Historia do Mundo Contemporáneo (4h)	-Economía (4h) -Historia do Mundo Contemporáneo (4h)
MATERIAS ESPECÍFICAS + LIBRE CONFIGURACIÓN 2+3 materias ou 2+2 materias	Educación Física (obligatoria) Lingua Galega (obligatoria)			
	ESCOLLER unha das seguintes opcións 1,2,3:			
	OPCIÓN 1 (elixir unha materia de cada columna)			
	3 horas	2 horas	1 horas	
	-Anatomía aplicada -Linguaxe e práctica musical -Tecnoloxía Industrial I -Debuxo Artístico I	-Cultura Científica - Francés -TIC	-Relixión católica - <u>Obradoiro de Teatro</u> - <u>Re de Inglés</u> - <u>Introdución á lingua portuguesa e cultura lusófona</u>	
	OPCIÓN 2 (elixir unha materia de cada columna)			
	4 horas	2 horas		
	Elixir unha troncal de calquera modalidade	-Cultura Científica - Francés -TIC		
	OPCIÓN 3 (elixir unha materia de cada columna)			
	3 horas	2 horas	1 hora	
-Anatomía aplicada -Linguaxe e práctica musical -Tecnoloxía Industrial I -Debuxo Artístico I	- <u>Antropoloxía</u> - <u>Literaturas hispánicas</u>	-Relixión católica		

2º BACH		CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS					
TRONCAIS (4+2 materias)	XERAIS 4 materias	-Matemáticas II (4h) -L.Castelá e literatura II (3h) -1ª Lingua Estranxeira II (3h)- Historia de España (3h)	HUMANIDAD ES	CCSS				
	OPCIÓN	<i>Escoller un das seguintes opcións: A/B e dentro de cada opción dúas materias</i>	-Latín II -L. Castelá e Lit. II L.Estr. II -Hª España	-Matemáticas aplicadas ás CCSS II -L. C e Lit. II -L.Estranxeira II -Hª de España				
		<table border="1"> <thead> <tr> <th>Ciencias A (escoller 2 materias)</th> <th>Ciencias B (escoller 2 materias)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>-Bioloxía (4h) -Xeoloxía (4h) -Física (4h) -Química (4h)</td> <td>-Debuxo Técnico II (4 h) -Física (4h) -Química (4h)</td> </tr> </tbody> </table>	Ciencias A (escoller 2 materias)	Ciencias B (escoller 2 materias)	-Bioloxía (4h) -Xeoloxía (4h) -Física (4h) -Química (4h)	-Debuxo Técnico II (4 h) -Física (4h) -Química (4h)	Escoller 2 materias das seguintes:	
Ciencias A (escoller 2 materias)	Ciencias B (escoller 2 materias)							
-Bioloxía (4h) -Xeoloxía (4h) -Física (4h) -Química (4h)	-Debuxo Técnico II (4 h) -Física (4h) -Química (4h)							
ESPECÍFICAS (sen subliñar) + LIBRE CONFIGURACIÓN (subliñadas)	Lingua Galega e Literatura II (Obrigatoria)							
	ESCOLLER unha das seguintes opcións 1,2:							
	OPCIÓN 1. Elixir unha materia de cada unha das seguintes columnas							
	4 horas	3 horas	1 hora					
	-Grego II -Economía da empresa -Hª da arte -Hª da filosofía -Xeografía	-C. da Terra e do Medioambiente -Debuxo Artístico II -Fundamentos da Administración e da Xestión -Hª da música e da danza -Imaxe e son -Psicoloxía -Francés II -Tecnoloxía Industrial II -TIC II	-Relixión católica -Obradoiro de Teatro -Re de Inglés -Introdución á lingua portuguesa e cultura lusófona					
OPCIÓN 2 Elixir o n.º de materias que se indican en cada columna								
3 horas (elixir 2 materias)		2 horas (elixir 1 materia)						
-C. da Terra e do Medioambiente -Debuxo Artístico II -Fundamentos da Administración e da Xestión -Hª da música e da danza -Imaxe e son -Psicoloxía -Francés II -Tecnoloxía Industrial II -TIC II		-Ética e filosofía do dereito -Filosofía da ciencia e da tecnoloxía -Métodos estatísticos e numéricos -Xeografía e historia de Galicia -Patrimonio histórico de Galicia -Literatura galega do séc. XX e actualidade -Actividade física e hábitos saudables						

Bacharelato de ARTES

Habería que coñecer a oferta concreta do centro no que realizases este Bacharelato. Os cambios destacados respecto das outras modalidades son nas **materias Troncais que quedarían como se indica no cadro.**

Bacharelato de Artes	ARTES	
	1º curso	2º curso
MATERIAS TRONCAIS	TRONCAIS XERAIS Terás que cursar: <ul style="list-style-type: none">• Fundamentos da Arte I• Filosofía• Lingua Castelá e Literatura• 1ª L. Estranxeira	TRONCAIS XERAIS Terás que cursar: <ul style="list-style-type: none">• Fundamentos da Arte II• Historia de España• Lingua Castelá e Literatura II• 1ª L. Estranxeira II
	TRONCAIS DE OPCIÓN (6 horas) Dúas das seguintes materias: <ul style="list-style-type: none">-Cultura Audiovisual I-Historia do Mundo Contemporáneo-Literatura Universal	TRONCAIS DE OPCIÓN (6 horas) Dúas das seguintes materias:: <ul style="list-style-type: none">• Artes Escénicas• Cultura Audiovisual II• Deseño
ESPECÍFICAS	A oferta configúrase de maneira diferente en cada centro pero as materias son as que establece a normativa para as tres modalidades de Bacharelato	

IMPORTANTE: Este Bacharelato libérase das probas específicas de acceso das ensinanzas artísticas de Réxime Especial.

2.1.2 Materias específicas e de Libre Configuración de 1º curso de Bacharelato

Para saber de que tratan algunhas das materias específicas que podes escoller en 1º, aquí tes un pequeno resumo (podes ampliar información sobre estas materias e outras accedendo ao enlace): <http://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/bacharelato/materias>



Anatomía Aplicada (1º): ¿é preciso ter coñecementos científicos para comprender o corpo humano e a motricidade humana en relación coas manifestacións artísticas corporais e coa saúde? Pois si, nesta materia manexarás de maneira integrada áreas tan diferentes pero que teñen en común o estudo do corpo humano e da súa motricidade como:


anatomía, fisioloxía, biomecánica e ciencias da actividade física. Os bloques que estudarás son: "As características do movemento", "Organización básica do corpo humano", "O sistema locomotor", "O sistema cardiopulmonar", "O sistema de achega e utilización da enerxía", "Os sistemas de coordinación e de regulación", "Expresión e comunicación corporal" e "Elementos comúns".



Cultura Científica (1º): ¿A que moitas veces escoitaches a alguén defendendo ou afirmando de maneira categórica algo pero sen base nin probas científicas, a que si? Esta materia pretende que diferencies a ciencia das opinións ou crenzas, e saibas tomar decisións e realizar argumentos científicos.

-Os contidos de 1º Bacharelato tratan sobre temas máis complexos que en 4º como a formación da Terra e a orixe da vida, a xenética, os avances biomédicos e, as tecnoloxías da información e da comunicación.

Linguaxe e Práctica Musical (1º). Esta materia é continuación da formación musical recibida. A



música ten como finalidade primordial a comunicación, é necesario polo tanto que contes coas ferramentas necesarias que che axuden a comprender e a participar do feito musical. Terás cinco bloques: "Destrezas musicais", "A audición comprensiva", "A teoría

musical", "A creación e a interpretación" e "As tecnoloxías aplicadas ao son".

Tecnoloxías da Información e da Comunicación (1º-2º). As tecnoloxías da información e da



comunicación (TIC) facilitan coñecementos e técnicas que dan resposta a necesidades individuais e colectivas. Como noutras materias de base tecnolóxica intégranse coñecementos de carácter matemático e científico; ademais é frecuente que as TIC se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Os bloques que terás ao longo dos dous cursos de bacharelato son:

- "A sociedade da información e o computador"

- "Arquitectura de computadores", "Redes de computadores" e "Seguridade" abundan en aspectos relativos aos compoñentes e á configuración dos computadores e á súa conexión en redes.

- "Software para sistemas informáticos" afonda no uso de aplicacións de uso común no mundo actual, tales como as aplicacións ofimáticas de edición de texto, de cálculo, de elaboración de presentación, de almacenaxe de información e de traballo con imaxe e vídeo.

- "Programación" e "Publicación e difusión de contidos" afondan no deseño de programas que permitan dar solucións a problemas do mundo real e no uso destes no mundo de internet.

2.1.3. Relación Bacharelato coas Ramas e titulacións universitarias

Xa vimos como escoller materias en 4º tendo en conta a modalidade de Bacharelato que queres cursar. Pero....que relación hai entre os graos universitarios, as ramas e as modalidades de Bacharelato?

Se vas realizar estudos universitarios debes saber que **cada Grao Universitario está vinculado a unha Rama de Coñecemento**. Imos a ver cales son e ademais unhas **recomendacións para escoller materias e itinerarios de 1º Bacharelato tendo en conta o Grao que queres estudar**.

RAMA	GRAO
<u>ARTES E HUMANIDADES</u>	
Belas Artes	Información e Documentación
Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	Inglés: Estudos lingüísticos e Lit. Español: Estudos
Lingüísticos e Literarios	Lingua e Literaturas Españolas Estudos de Galego e
español	Lingua e Literaturas Galegas
Filoloxía Clásica	Lingua e Literaturas Inglesas
Filosofía	Lingua e Literaturas Modernas
Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e lit.	Linguas estranxeiras Historia Tradución e
Interpretación	
Historia da Arte	Xeografía e Historia
Humanidades	

RECOMENDACIÓN MODALIDADE BACHARELATO: o máis recomendable é cursar as modalidades de Artes ou de Humanidades e Ciencias Sociais. Para tomar a decisión debes consultar a táboa de parámetros de ponderación e ver que materias están asociadas ao Grao que queres cursar. Tamén podes consultar á orientadora

RAMA	GRAO
<u>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</u>	
Administración e dirección de empresas	Mestre en Educ. Infantil Ciencias da
actividade física e do deporte (*)	Mestre en Educ. Primaria Ciencia política e
da administración	Pedagogía
Ciencias empresariais	Publicidade e R.Públicas
Comercio	R. Laborais e RH
Comunicación audiovisual	Socioloxía
Dereito	Traballo social
Dirección e xestión pública	Turismo
Economía	Xestión PEMES
Educación Infantil	Xeografía e Ordenac Territ
Educación primaria	Xornalismo
Educación Social	

RECOMENDACIÓN MODALIDADE BACHARELATO: dependendo do Grao que queiras cursar poderías cursar algunhas das tres modalidades. Para tomar a decisión debes consultar a táboa de parámetros de ponderación e ver que materias están asociadas ao Grao que queres cursar. Consulta á orientadora

(*): precisa proba deportiva de acceso. A validez é de 2 cursos

RAMA	GRAO
CIENCIAS	Bioloxía
	Ciencias Ambientais
	Ciencias do Mar
	Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos

RECOMENDACIÓN MODALIDADE BACHARELATO: o máis recomendable é cursar a modalidade de Ciencias, sendo fundamentais as materias de Física- Química e Bioloxía-Xeoloxía.

RAMA	GRAO
CIENCIAS DA SAUDE	Enfermaría
	Farmacía
	Fisioterapia
	Logopedia
	Medicina
	Nutrición Humana e Dietética

RECOMENDACIÓN MODALIDADE BACHARELATO: o máis recomendable é cursar a modalidade de Ciencias especialmente a opción B sanitaria que inclúe Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Anatomía Aplicada.

RAMA	GRAO
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	Arquitectura Técnica
	Enxeñaría Aeroespacial
	E. Agraria
	E. Agrícola e Agraolimenaria
	E.Civil
	E.de Enerxía
	E.de Obras Públicas
	E. Procesos Químicos Industriais
	E. de Tecnoloxías de Telecomunicación
	E.dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
	E. Eléctrica
	E.Electrónica Industrial e Automát.
	E.en d. Industrial e desenvolvemento do produto
	E. en Organización Industrial
	E. Química Industrial

RECOMENDACIÓN MODALIDADE BACHARELATO: o máis recomendable é cursar a modalidade de Ciencias. Poderías cursar as opcións A e B desta modalidade, para decidilo tes que consultar a táboa de parámetros de ponderación e ver que materias están asociadas co Grao que queres estudar. Consulta á orientadora

2.1.4. ABAU (avaliación do Bacharelato para o acceso á universidade). Relación coa materias de 1º Bacharelato

Por que nos fala a orientadora das ABAU se aínda faltan dous anos? Pois porque as decisións que tomes agora poden condicionar a puntuación na ABAU.

O primeiro que debes saber é que a **nota de acceso á universidade** se elabora coa seguinte fórmula: **60% nota de expediente +40% fase obrigatoria +40%fase voluntaria**

Para obter a mellor nota tes que ter en conta que:

- hai que intentar **conseguir o mellor expediente posible** porque logo non se pode cambiar,

-todas as notas de todas as materias contan, vai a por a maior nota que poidas conseguir, unha mala nota pode condicionar o acceso a ese Grao co que soñas.

-A **fase obrigatoria** será sobre as seguintes **materias** que debes preparar moi, moi, moi ben no Bacharelato: **Historia de España, Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II, Primeira Lingua Estranxeira II.** Dependendo de que modalidade curses examinaraste doutra materia máis: **Ciencias (Matemáticas II), Artes (Fundamentos da Arte II).**

Humanidades (Latín II), Ciencias Sociais (Matemáticas Aplicadas CC.SS. II)

-A **fase voluntaria** versará sobre as materias de opción do bloque das materias troncais de 2º curso. Estas **materias relaciónanse coa rama do Grao Universitario que queres estudar (ver táboas parámetros de ponderación)**. Multiplícase a nota que obteñas nestas materias (cóllense as dúas materias con nota máis alta) por os **parámetros de ponderación 0,2 ou 0,1 (ver táboas)**. Se sabes o que queres estudar debes consultalas e consultarme. Se queres botar unha ollada aos **parámetros de ponderación** accede ao enlace da CIUG: **ciug.es**. **(aínda están pendentes de publicación no DOG)** ou mira as seguintes táboas. Antes mira este EXEMPLO de como se consultan:

Exemplo: queres cursar o Grao de Belas Artes. Na táboa vemos que unicamente valen para a fase voluntaria da ABAU (a que permite que poidas conseguir ata 4 puntos extra) as materias de: Artes Escénicas, Cult Audiovisual II, Debuxo Técnico II, Deseño, Fundamentos de Arte II, Historia da Arte e Historia da Filosofía. Vemos tamén que excepto a de Hª da Filosofía as demais ponderan 0,2 polo que é recomendable coller estas materias (coa de 0,1 so poderías chegar a obter 2 puntos extras). Como hai materias que indican II, debes ter cursada a I en 1º curso, por iso é tan importante ter esta información neste momento.

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE														
		Artes Escénicas	Cultura Audiovisual II	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa	Grego II	Fundamentos da Arte II	Historia da Arte	Historia da Filosofía	Latín II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais	Química	Xeografía	2ª Lingua Estranxeira II
ARTES E HUMANIDADES	Belas Artes	0,2	0,2	0,2	0,2			0,2	0,2	0,1						
	Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	0,1	0,2		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2	0,2
	Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Filoloxía Clásica	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Filosofía	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Historia	0,1	0,1			0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Historia da Arte	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2
	Humanidades	0,1	0,1		0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2	0,2
	Información e Documentación	0,1	0,2		0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2		0,2	0,1	0,2
	Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Lingua e Literatura Españolas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Lingua e Literatura Galegas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Lingua e Literatura Inglesas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Linguas e Literaturas Modernas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Linguas Estranxeiras	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,1	0,2
	Tradución e Interpretación	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2	0,2
	Xeografía e Historia	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2

1

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE					
		Biología	Debuxo Técnico II	Física	Matemáticas II	Química	Xeoloxía
CIENCIAS	Biología	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2
	Biotecnoloxía	0,2		0,2	0,2	0,2	
	Ciencias Ambientais	0,2		0,1	0,1	0,2	0,2
	Ciencias do Mar	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2
	Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,2		0,1	0,2	0,2	0,1
	Física	0,2		0,2	0,2	0,2	0,1
	Matemáticas	0,2		0,2	0,2	0,2	0,1
	Química	0,2		0,2	0,2	0,2	0,1

CIENCIAS DA SAÚDE	Enfermaría	0,2		0,1	0,2	0,2	
	Farmacia	0,2		0,2	0,2	0,2	
	Fisioterapia	0,2		0,1	0,1	0,2	
	Logopedia	0,2		0,2	0,2	0,2	
	Medicina	0,2		0,1	0,1	0,2	
	Nutrición Humana e Dietética	0,2		0,1	0,2	0,2	
	Odontoloxía	0,2		0,1	0,1	0,2	
	Óptica e Optometría	0,2		0,2	0,2	0,2	
	Podoloxía	0,2		0,2	0,2	0,2	
	Psicoloxía	0,2		0,1	0,1	0,1	
	Terapia Ocupacional	0,2		0,2	0,2	0,2	
	Veterinaria	0,2		0,2	0,2	0,2	

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE												
		Artes Escénicas	Bioloxía	Debuxo Técn. II	Deseño	Economía da Empresa	Física	Fundamentos da Arte	Historia da Arte	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas CC.SS.	Química	Xeografía	Xeoloxía
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	Arquitectura Técnica			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría Aeroespacial			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,2		0,1
	Enxeñaría Agraria		0,2	0,1		0,1	0,2			0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria		0,2	0,1		0,1	0,2			0,2		0,2		0,1
	Enxeñaría Biomédica		0,2	0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Civil			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría da Enerxía			0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría de Obras Públicas			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais		0,1	0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		0,1
	Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,1		
	Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos		0,1	0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría Eléctrica			0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática			0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto			0,2	0,2	0,2	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría en Organización Industrial			0,2	0,2	0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría en Química Industrial			0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Forestal		0,2	0,2		0,2	0,2			0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría Forestal e do Medio Natural		0,2	0,2		0,2	0,2			0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría Informática			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Mecánica			0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Naval e Oceánica			0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Química		0,1	0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Estudos de Arquitectura			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,1		0,2
Náutica e Transporte Marítimo			0,2	0,2	0,1	0,2			0,2		0,2			
Paisaxe	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	
Tecnoloxía da Enxeñaría Civil			0,2	0,2	0,1	0,2			0,2		0,1		0,2	
Tecnoloxías Mariñas			0,2	0,2	0,1	0,2			0,2		0,2			

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE																	
		Artes Escénicas	Bio loxía	Cultura Audiovisual II	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa	Física	Fundamentos Arte II	Grego II	Historia da Arte	Historia da Filosofía	Latín II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais	Química	Xeografía	2ª Lingua Estranxeira II	
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	Administración e Dirección de Empresas						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Ciencias da Actividade Física e do Deporte		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	
	Ciencia Política e da Administración			0,2			0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1		0,2	0,2	
	Ciencias Empresariais						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Comercio						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Comunicación Audiovisual	0,2		0,2		0,2	0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,1	0,2	
	Criminoloxía		0,1				0,1							0,2	0,2			0,2	
	Dereito						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1		0,1	0,2	
	Dirección e Xestión Pública						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Economía						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Educación Infantil	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Educación Primaria	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Educación Social		0,2						0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Mestre en Educación Infantil	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Mestre en Educación Primaria	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Pedagogía	0,1	0,2						0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Publicidade e Relacións Públicas			0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,1	0,2	
	Relacións Laborais e Recursos Humanos						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Socioloxía						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Traballo Social						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Turismo						0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Xestión de Pequenas e Medianas Empresas						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Xeografía e Ordenación do Territorio						0,2		0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2		0,2	0,2	
	Xestión Industrial de Moda	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2		0,2	0,2	0,1		0,2	
	Xornalismo	0,2		0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2		0,2	0,2	

2.1.5. Relación Bacharelatos-Ciclos Superiores (CS) de FP

Se queres facer un Bacharelato para logo estudar un C.S debes ter presente a seguinte táboa xa que cada Ciclo Formativo está vinculado cunha ou dúas modalidades de Bacharelato. **Enlace oficial** cos vínculos: http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/6647

FAMILIA PROFESIONAL	CICLOS DE GRAO SUPERIOR Técnico Superior en...	MODALIDADES DE BACHARELATO
Actividades físicas e deportivas	Animación de actividades físicas e deportivas (LOXSE)	Calquera modalidade
Administración e xestión	Administración e finanzas	Humanidades e CCSS
	Asistencia á dirección	Humanidades e CCSS
Agraria	Gandaría e asistencia en sanidade animal	Ciencias e Tecnoloxía
	Paisaxismo e medio rural	Ciencias e Tecnoloxía
	Xestión forestal e do medio natural	Ciencias e Tecnoloxía
Artes Gráficas	Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia	Ciencias e Tecnoloxía Artes
	Deseño e xestión da produción gráfica	Ciencias e Tecnoloxía Artes
Artes e Artesanía	Artista de fallas e construción de escenografías (non se oferta en Galicia)	Artes
Comercio e Marketing	Comercio internacional	Humanidades e CCSS
	Márketing e publicidade	Humanidades e CCSS
	Transporte e loxística (non se oferta en Galicia)	Humanidades e CCSS
	Xestión de vendas e espazos comerciais	Humanidades e CCSS
Edificación e Obra Civil	Organización e control de obras de construción	Ciencias e Tecnoloxía
	Proxectos de edificación	Ciencias e Tecnoloxía Artes
	Proxectos de obra civil	Ciencias e Tecnoloxía Artes
Electricidade e Electrónica	Sistemas electrónicos e automatizados	Ciencias e Tecnoloxía
	Sistemas de telecomunicación e informáticos	Ciencias e Tecnoloxía
	Automatización e robótica industrial	Ciencias e Tecnoloxía
	Mantemento electrónico	Ciencias e Tecnoloxía
Enerxía e auga	Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	Ciencias e Tecnoloxía
	Enerxías renovables	Ciencias e Tecnoloxía

	Centrais eléctricas	Ciencias e Tecnoloxía
Fabricación mecánica	Construcións metálicas	Ciencias e Tecnoloxía
	Deseño e fabricación mecánica	Ciencias e Tecnoloxía
	Programación da produción de fabricación mecánica	Ciencias e Tecnoloxía
	Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros (non se oferta en Galicia)	Ciencias e Tecnoloxía
Hostalería e turismo	Axencias de viaxes e xestión de eventos	Humanidades e CCSS
	Dirección de cociña	Ciencias e Tecnoloxía
	Dirección de servizos de restauración	Ciencias e Tecnoloxía
	Guía, información e asistencia turísticas	Humanidades e CCSS
	Xestión de aloxamento turístico	Humanidades e CCSS
Imaxe persoal	Estética integral e benestar	Ciencias e Tecnoloxía
	Estilismo e dirección de peiteado	Humanidades e CCSS Ciencias e Tecnoloxía
	Asesoría de imaxe persoal e corporativa (non se oferta)	Humanidades e CCSS Ciencias e Tecnoloxía
	Caracterización e maquillaxe profesionas	Humanidades e CCSS Ciencias e Tecnoloxía
Imaxe e son	Animación 3D, xogos e contornos interativos	Ciencias e Tecnoloxía
	Iluminación, captación e tratamento de imaxe	Ciencias e Tecnoloxía
	Produción de audiovisuais e espectáculos	Ciencias e Tecnoloxía
	Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos	Ciencias e Tecnoloxía
	Son para audiovisuais e espectáculos	Ciencias e Tecnoloxía
Industrias alimentarias	Procesos e calidade na industria alimentaria	Ciencias e Tecnoloxía
	Vitivinicultura	Ciencias e Tecnoloxía
Industrias extractivas	Non hai oferta	
Informática e comunicacións	Administración de sistemas informáticos en rede	Ciencias e Tecnoloxía
	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Ciencias e Tecnoloxía
	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciencias e Tecnoloxía
Instalacións e mantemento	Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos	Ciencias e tecnoloxía
	Mantemento de instalacións térmicas e fluídos	Ciencias e tecnoloxía
	Mecatrónica industrial	Ciencias e tecnoloxía
	Prevención de riscos profesionais (LOXSE)	Ciencias da Natureza e a saúde Humanides e ciencias sociais

		Tecnolóxico
Madeira, moble e cortiza	Deseño e amoblamento	Ciencias e tecnoloxía Artes
Marítimo-pesqueira	Acuicultura	Ciencias e tecnoloxía
	Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións	Ciencias e tecnoloxía
	Transporte marítimo e pesca de altura	Ciencias e tecnoloxía
Química	Laboratorio de análise e control de calidade	Ciencias e Tecnoloxía (materia de Química)
	Química Ambiental (LOXSE)	Ciencias da Natureza e a saúde (con Química) Tecnolóxico
	Química industrial	Ciencias e Tecnoloxía (materia de Química)
	Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns	Ciencias e Tecnoloxía
Sanidade	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	
	Audioloxía protésica	Ciencias e Tecnoloxía
	Dietética (LOXSE)	Ciencias da Natureza e a saúde (con Bioloxía)
	Documentación e administración sanitarias	Ciencias e Tecnoloxía
	Hixiene bucodental	Ciencias da Natureza e a saúde (con C. da terra e do ambiente)
	Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear	Ciencias e Tecnoloxía
	Laboratorio clínico e biomédico	Ciencias e Tecnoloxía
	Ortoprótésis e produtos de apoio(Non hai oferta en Galicia)	Ciencias e Tecnoloxía
	Próteses dentais	Ciencias e Tecnoloxía
	Radioterapia e dosimetría	Ciencias e Tecnoloxía
	Saúde ambiental (LOXSE)	
Seguridade e ambiente	Educación e control ambiental (Non hai oferta en Galicia)	Ciencias e Tecnoloxía
	Coordinación en protección civil e emerxencias (Non hai oferta en Galicia)	Ciencias e Tecnoloxía
Servizos socioculturais e á comunidade	Animación sociocultural e turística	Humanidades e Ciencias Sociais
	Educación Infantil	Humanidades e Ciencias Sociais

	Integración social	Humanidades e Ciencias Sociais
	Mediación comunicativa	Humanidades e Ciencias Sociais
	Promoción e igualdade de xénero (prevista implantación en Galicia)	Humanidades e Ciencias Sociais
Téxtil, confección e pel	Patronaxe e moda	Ciencias e Tecnoloxía
	Deseño e produción de calzado e complementos (Non hai oferta en Galicia)	Ciencias e Tecnoloxía Artes
	Vestuario a medida e de espectáculos (Non hai oferta en Galicia)	Humanidades e Ciencias Sociais Artes
Transporte e mantemento de vehículos	Automoción	Ciencias e Tecnoloxía
	Mantemento aeromecánico (LOXSE)	Ciencias da Natureza e a saúde (Electrotecnia e Mecánica) Tecnolóxico
Vidro e cerámica	Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos	Ciencias e Tecnoloxía

Lembra que se cursas un CS tamén terás acceso á universidade e a posibilidade de ter validacións entre os módulos de FP e os créditos das materias universitarias.

2.1.6 Se non sabes que vas estudar despois do Bacharelato

- Realiza os cuestionarios do ORIENTA 17-18
- Busca información sobre as titulacións dos Ciclos e os Graos que descoñezas.
- Se che interesa estudar fóra de Galicia mira que titulacións hai que non haxa en Galicia en: Todofp, Universidades Españolas, etc. Pregúntame se precisas axuda.
- Elimina do listado das titulacións universitarias as que non che interesan e logo marca doutra cor as que si che gustan. A continuación, mira con que bacharelato se relacionan. Se non son da mesma rama, pregúntame que facer.
- Elimina do listado os Ciclos Superiores que non che interesan. Busca información dos títulos que descoñeces. Mira con que Bacharelato se relacionan.
- Fai un listado das materias que se che dan ben e relaciónaas cos itinerarios e modalidades de Bacharelato.
- Pásate polo Departamento e aclaramos dúbidas!

2.2. SE QUERES FACER UN CICLO DE FP DE GRAO MEDIO (G,M)

- Debes saber que nos ciclos existe un número limitado de prazas e que o primeiro **criterio** que se emprega para escoller ao alumnado é o de **NOTA MEDIA**.



ORGANÍZANSE en FAMILIAS PROFESIONAIS

Existen 26 familias. Consulta a oferta de CM no cadro

ACCESO a CM:

- DIRECTO:** Co título de Graduado/a en Educación Secundaria (resérvase o 70% das prazas)
- MEDIANTE PROBA:** Sen o título. Ver apartado Proba de Acceso a CM (resérvase o 10%)
- FP BÁSICA:** Co certificado de FP Básica (resérvase o 20%)

MÓDULOS: equivale ás materias, asignaturas

MODALIDADES: ordinaria, modular a distancia (adultos), modular presencial (adultos)

ACCESO A OUTRAS ENSINANZAS

O Título de Técnico permite o acceso a:
-Ciclo de Grao Superior
-Bacharelato

PROGRAMA DE CADA CICLO

Podes atopalos en :

<http://www.edu.xunta.es/fp/familias-profesionais>

RECOMENDACIÓN: Terás maior posibilidade de conseguir praza nun Ciclo MEDIO se titulas en xuño e obtés unha boa nota de expediente (a selección de prazas en cada cupo será por nota, en xuño se esgotan prazas nalgúns ciclos). Titular con suspensas implica que a **Titular con suspensas implica que a nota media baixa e diminúe as posibilidades de conseguir praza nos Ciclos.**

Oferta de ciclos formativos medios

A oferta actualízase cada curso, poden aparecer ciclos novos, polo que no mes de xuño debes consultala no enlace:

A continuación tes unha **relación dos ciclos Medios en Galicia no curso 1:**

FAMILIA PROFESIONAL	CICLOS DE GRAO MEDIO Técnico en...
Actividades físicas e deportivas	CM Condución de actividades físico-deportivas no medio natural
Administración e xestión	CM Xestión administrativa
Agraria	CM Aproveitamento e conservación do medio natural CM Producción agropecuaria CM Producción agroecolóxica CM Xardinaría e floraría
Artes Gráficas	CM Impresión gráfica CM Preimpresión dixital
Artes e Artesanía	Non hai oferta en Galicia
Comercio e Marketing	CM Actividades Comerciais
Edificación e Obra Civil	CM Obras de interior, decoración e rehabilitación
Electricidade e Electrónica	CM Instalacións eléctricas e automáticas CM Instalacións de telecomunicacións
Energía e auga	Non hai oferta de CM
Fabricación mecánica	CM Mecanizado CM Soldadura e caldeiraría
Hostalería e turismo	CM Cociña e gastronomía CM Servizos en restauración
Imaxe persoal	CM Estética e beleza CM Peiteado e cosmética capilar.
Imaxe e son	CM Vídeo disc-jockey e son
Industrias alimentarias	CM Aceites de oliva e viños. CM Elaboración de produtos alimentarios CM Panadaría, repostaría e confeitaría.
Industrias extractivas	Non hai oferta en Galicia
Informática e comunicacións	CM Sistemas microinformáticos e redes
Instalacións e mantemento	CM Instalacións frigoríficas e de climatización CM Instalacións de produción de calor CM Mantemento electromecánico
Madeira, moble e cortiza	CM Carpintaría e moble CM Instalación e amoblamento

Marítimo-pesqueira	CM Cultivos acuícolas CM Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións CM Navegación e pesca no litoral
Química	CM Operacións de Laboratorio
Sanidade	CM Coidados auxiliares de enfermaría CM Farmacia e parafarmacia.
Seguridade e ambiente	CM Emerxencias e protección civil
Servizos socioculturais e á comunidade	CM Atención a persoas en situación de dependencia.
Téxtil, confección e pel	CM Confección e moda.
Transporte e mantemento de vehículos	CM Carrozaría CM Electromecánica de vehículos.
Vidro e cerámica	Non hai oferta en Galicia

Para consultar as opcións de FP nas demais Comunidades Autónomas, consulta TODO FP.

Inscripción e matrícula nun Ciclo Medio

- **Procedemento:** hai que diferenciar dous pasos. O primeiro é a inscripción ou solicitude de ciclo, o 2º, a matrícula que terás que facer se che adxudicaron praza. TEN COIDADADO con irte de vacacións antes de rematar todo, os prazos son inamovibles. **Se non fas o papeleo cando o indican quedas fóra.**
- **Cando?** Hai dous prazos: un se inicia no mes de XUÑO para os que aprováchedes en xuño ou cursos anteriores, outro en SETEMBRO para os que aprobades neste mes. Aínda non saíu a convocatoria (o curso pasado o prazo de XUÑO foi do 27 xuño ao 05 de xullo).
- **Como?** Ata o curso pasado tiñas dúas posibilidades: vía web e en papel (<http://www.edu.xunta.es/fp/>).
- **Cantos ciclos podes solicitar na inscrición?** Ata oito. Ten en conta que a orde que indiques é a que se utilizará para facer a adxudicación. É recomendable cubrir todos os ocios se queres conseguir praza. Se tes praza no 1º ciclo que solicitas adxudicaranche o 1º ciclo aínda que poñas outros.
- **Despois da 1ª adxudicación adoita haber un prazo de ciclos liberados (ciclos con prazas libres).** Calquera persoa pode matricularse directamente fisexe unha inscrición ou non. Sería unha oportunidade máis se non conseguiches praza.
- **Como se indican os ciclos?** NON se poñen os nomes dos ciclos, tes que escribir os códigos do ciclo e do centro no que se imparten, estes códigos os poderás encontrar na oferta 17-

18 que a Consellería publicará no mes de xuño (ver blog). LEMBRA que debes por os códigos da oferta ORDINARIA a non ser que teñas contrato laboral.

- **Documentación:** se marcas a casíña na que autorizas a consultar os teus datos se simplifica todo. De non ser así terías que presentar a que se indique na convocatoria: certificación académica, DNI/pasaporte, certificado minusvalía, deportista de elite, etc.
- **Criterio de admisión:** por nota
- Instrucións: cada convocatoria a Consellería publicado unhas instrucións que podes consultar en www.edu.xunta.es/fp
- **Fai copia da folla de inscrición cuberta, é necesario en caso de reclamación**
- **Enlace:** <http://www.edu.xunta.es/fp/ven-fp>

2.3 ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

A oferta destas ensinanzas é moi interesante, inclúe: **ensinanzas artísticas profesionais, ensinanzas artísticas superiores, Ensinanzas de Arte Dramático, Conservación e restauración, Ensinanzas Deportivas, Ensinanzas de Arte Dramático, Ensinanzas Música, Ensinanzas de Danza e Idiomas.**

Imos ver as que accedes habitualmente desde 4ºESO!

Ensinanzas Artísticas Profesionais e Superiores



arte

Se che gusta facer xoias, ou...idear produtos ou... fas o teus piniños facendo

ilustracións, ou...che atrae crear decorados para espectáculos, ou pasas o tempo deseñando como decorar, vestir ou... non encontras tempo para facer mil fotos. Esta pode ser a túa opción:

ENSINANZAS ARTÍSTICAS: PROFESIONAIS E SUPERIORES

Ensinanzas Artísticas PROFESIONAIS	C.S Arquitectura Efémera	<ul style="list-style-type: none">• Escola de Arte Maestro Mateo (Santiago) http://www.easd.es/gal/oferta-formativa/ciclos-superiores/arquitectura-efemera
Duración: 2 cursos	C.S Cerámica Artística	<ul style="list-style-type: none">• Escola de Arte Ramón Falcón (Lugo) http://escoladeartelugo.com/ciclo-superior-de-artes-plasticas-y-deseno-en-ceramica-artistica/
Ciclos: Medio e Ciclos Superiores		
Requisitos de acceso:	C.S Dourado, prateado e policromía	<ul style="list-style-type: none">• Escola de Arte Pablo Picasso (A Coruña) http://www.eapicasso.com/dourado/

***C.superior:**

- ter o Bacharelato ou equivalente ou, superar Proba de Madureza
-Superar Proba Específica (artística).
Consultar validacións desta proba

***C.Medio:**

- ter o Graduado en ESO ou equivalente ou superar Proba de Madureza
-Superar Proba Específica (artística).

Consultar validacións desta proba

C.S Escultura aplicada ao espectáculo

- Escola de Arte Pablo Picasso (A Coruña).
<http://www.eapicasso.com/escultura/>

C.S Ebanistería

- Escola de Arte Antonio Faiñde (Ourense).
<http://www.escolarte.com/es/ebanisteria/>

C.S Escultura

- Escola de Arte Maestro Mateo (Santiago).
<http://www.easd.es/gal/oferta-formativa/ciclos-superiores/escultura>

C.S Fotografía Artística

- Escola de Arte Pablo Picasso (A Coruña).
<http://www.eapicasso.com/fotografia/>

- Escola de Arte Antonio Faiñde (Ourense).
<http://www.escolarte.com/es/fotografia/>

- Escola de Arte Ramón Falcón (Lugo).
<http://escoladeartelugo.com/ciclo-superior-de-fotografia-artistica/>

- Escola de Arte Maestro Mateo (Santiago).
<http://www.easd.es/gal/oferta-formativa/ciclos->

C.S Grabado e técnicas de estampación

- Escola de Arte Ramón Falcón (Lugo).
<http://escoladeartelugo.com/ciclo-formativo-de-grado-superior-de-grabado/>

C.S. Ilustración

- Escola de Arte Pablo Picasso (A Coruña).
<http://www.eapicasso.com/ilustracion/>

- Escola de Arte Antonio Faiñde (Ourense).
<http://www.escolarte.com/es/ilustracion/>

C.S Xoiaría

- Escola de Arte Maestro Mateo (Santiago).
<http://www.easd.es/gal/oferta-formativa/ciclos-superiores/xoiaria>

CM Serigrafía

- Escola de Arte Ramón Falcón (Lugo).
<http://escoladeartelugo.com/ciclo-formativo-de-grado-medio-de-serigrafia-artistica/>

Deseño Gráfico

- Escola de Arte Pablo Picasso (A Coruña).
<http://www.eapicasso.com/desenografico/>

- Escola de Arte Antonio Faiñde (Ourense).
<http://www.escolarte.com/es/grafico/>

- Escola de Arte Ramón Falcón (Lugo).
<http://escoladeartelugo.com/disenografico-lugo/>

Ensinanzas Artísticas SUPERIORES

Duración: 4 anos

Título equivalente a Grao Universitario

Requisitos de acceso:

- ter o Bacharelato ou equivalente ou, superar Proba de Madureza

-Superar Proba Específica (artística).

Deseño de Interiores

- Escola de Arte Pablo Picasso (A Coruña).
<http://www.eapicasso.com/desenodeinteriores/>

- Escola de Arte Antonio Faiñde (Ourense).
<http://www.escolarte.com/es/disenodeinteriores/>

- Deseño de Moda

- Escola de Arte Maestro Mateo (Santiago)

- Escola de Arte Ramón Falcón (Lugo).
<http://escoladeartelugo.com/titulo-superior-de-desenodeinteriores/>

• E
S
C

Consultar validación desta proba

<http://www.easd.es/gal/oferta-formativa/nivel-grao/deseño-de-moda>

Deseño de Produto

• Escola de Arte Maestro Mateo (Santiago)
<http://www.easd.es/gal/oferta-formativa/nivel-grao/deseño-de-produto>

Ensinanzas de Arte Dramático



Ser ou non ser? Acción! Corten! Se o teu son artes escénicas, Arte Dramático é a túa opción.

Tes **tres especialidades**:

- Dirección escénica e dramaturxia
- Escenografía
- Interpretación

• Requisitos de acceso

1. Cumplir con algún dos seguintes requisitos:

- Ter o título de bacharelato (ou título equivalente).
- Ou ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Ou ter superada a **proba de madurez** para persoas que teñan dezoito anos cumpridos no ano de realización das probas.

• Ademais debes superar un PROBA ESPECÍFICA (ver <http://esadgalicia.com/futuro-alumnado/probas-acceso/>)

• Onde se cursa: Na ESAD de Arte Dramático de Vigo

• Duración: 4 anos

• Título: equivalente a Grao Universitario

Conservación e Restauración de Bens Culturais



ESCOLA • SUPERIOR
DE • CONSERVACION
E • RESTAURACION
DE • BENS • CULTURAIS
DE • GALICIA

Imaxínasche como un restaurador/a- conservador-a de bens culturais? Sentes inqueda por descubrir como chegou o patrimonio cultural doutras épocas ata os nosos días e como facer

que chegue a épocas futuras? Te ves facendo diagnose de bens culturais, facendo tratamentos preventivos para manter os bens culturais?

• Tes **tres especialidades** a escoller:

- Arqueoloxía
- Escultura
- Pintura

- **Requisitos de acceso**

1. Cumprir con algún dos seguintes requisitos:

- Ter o título de bacharelato (ou título equivalente).
- Ou ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Ou ter superada a **proba de madurez** para persoas que teñan 18 anos cumpridos no ano de realización das probas.

2. Ademais debes superar un PROBA ESPECÍFICA.

- **Onde se cursa:** Na [Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Pontevedra](http://gradoconservacionbbcc.es/). <http://gradoconservacionbbcc.es/>
- **Duración:** 4 anos
- **Título:** equivalente a Grao Universitario

Ensinanzas de Idiomas



Hello! Boun Jour! Gústanche os idiomas ou xa está pensando no requisito do B1 (necesario para obter o Título Universitario? Esta formación pode ser unha boa opción para complementar con outros títulos profesionais.

Os estudos de idiomas estrutúranse en **3 niveis, cada nivel ten 2 anos de duración**

Nivel Básico (A2)*.

- Nivel Intermedio (B1)*. Este é o que se esixe para obter unha titulación universitaria.
- Nivel Avanzado (B2)*.

Debes ter como **mínimo 16 anos ou 14 anos (se o idioma que cursas é diferente ao que cursas no IES)** para matricularte nas Escolas Oficiais de Idiomas.

Sabes que se non podes asistir a clases presenciais podes seguir o programa **That's English de TVE2 para obter os certificados de Nivel Básico ou Intermedio?** Iso si, logo tes que presentarte a un exame nunha EOE

Antes de matricularte quizais che interese presentarche ás **probas de clasificación**: estas probas **permiten certificar coñecementos previos dun idioma e matricularse dun curso superior ao primeiro**. Presentarche a estas probas permitirá comprobar o que sabes e ubicarche nun nivel máis alto.

Ensinanzas Deportivas



Es un/unha apaixonada do Deporte? Gustaríache ser adestrador/a dun deporte? Si?
Entón para ti esta opción!

Oferta de Ciclos (non están todos implantados):

Ciclos Medios Deportivos	Ciclos Superiores Deportivos
Técnico deportivo en esquí alpino.	Técnico deportivo superior en esquí alpino.
Técnico deportivo en esquí de fondo. Técnico deportivo en snowboard.	Técnico deportivo superior en esquí de fondo.
Técnico deportivo en fútbol	Técnico deportivo superior en snowboard
Técnico deportivo en fútbol sala	Técnico deportivo superior en fútbol
Técnico deportivo en atletismo	Técnico deportivo superior en fútbol sala
Técnico deportivo en baloncesto	Técnico deportivo superior en atletismo
Técnico deportivo en balonmán	Técnico deportivo superior en baloncesto
Técnico deportivo nas disciplinas hípcas de Salto, Doma e Concurso Completo.	Técnico deportivo superior en balonmán
Técnico deportivo nas disciplinas hípcas de Resistencia, Orientación e Turismo Ecuestre.	Técnico deportivo superior en Mergullo Deportivo con Escafandro Autónomo.
Técnico deportivo en Salvamento e Socorrismo.	
Técnico deportivo en Mergullo Deportivo con Escafandro Autónomo.	
Técnico deportivo en Vela con Aparello Fixo.	
Técnico deportivo en Vela con Aparello Libre.	
Técnico deportivo en Judo e Defensa Persoal.	

- **Requisitos de acceso**

1. Cumprir con algún dos seguintes requisitos:

-Ter o título de bacharelato ou equivalente para os CS ou o título de Graduado na ESO ou equivalente para os CM. No caso de non contar con este requisito podes realizar proba de madurez; a proba de acceso a ciclos será equivalente.

2. Ademais debes superar un PROBA ESPECÍFICA.

- **Onde se cursa:** podes consultar en <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/1550>

- **Duración:** 2 anos.

- Título: Técnico Deportivo (Ciclos Medios)

- Técnico Deportivo Superior (Ciclos Superiores), Con este título tes acceso a algúns Graos Universitarios.

OPCIÓN SEN O TÍTULO DE GRADUADO EN ESO

1. FP BÁSICA

QUEN PODE CURSALA?

Oferta obrigatoria

Nesta oferta pode incorporarse o alumnado **que cumpra os seguintes requisitos:**

- Ser maior de 15 anos e non superar os 17 anos no momento do acceso ou durante o ano natural en curso.
- Ter cursado 3º da ESO ou, excepcionalmente, 2º ESO
- Ser proposto polo equipo docente (consello orientador) e que o pai, nai ou titor-a legal acepte a incorporación a FP Básica.

Outras ofertas

Nesta oferta pode incorporarse o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- Ser maior de 17 anos
- Non estar en posesión de ningún título: FP ou estudos secundarios
- Ofértanse estas prazas cando exista dispoñibilidade de prazas na oferta obrigatoria

• CRITERIOS DE ADMISIÓN

- Idade
- Situación dos seus estudos
- Posibilidades de continuación no sistema educativo

• ¿CANTO DURA UN CICLO BÁSICO?

Dous cursos. Poderase repetir 2 veces, unha soa vez por curso, excepcionalmente dúas veces no mesmo curso. En todo caso, no réxime ordinario, non se poderá estar máis de 4 anos.

• ¿QUE TITULACIÓN SE OBTÉN?

- ✓ Obtense o **Título Profesional Básico**. Este título:
- ✓ Ten valor académico e profesional.
- ✓ Permite o acceso aos ciclos de Grao Medio. Terás preferencia nos ciclos medios que se inclúan no Currículo do CB do mesmo perfil de forma directa, se hai prazas poderás acceder a

outros CM.

- ✓ Ten mesmo efecto laboral que o Título de ESO
- ✓ Capacita para levar a cabo funcións de nivel básico de prevención

O alumnado que finalice sen obter o título recibirá unha certificación académica dos módulos profesionais superados.

· CAL É A OFERTA?

Tendes que consultar a oferta actualizada en www.edu.xunta.es/fp. En principio tendes a seguinte:

- ✓ Servizos administrativos.
- ✓ Agroxardinaría e composicións florais
- ✓ Actividades agropecuarias
- ✓ Aproveitamentos forestais
- ✓ Artes Gráficas
- ✓ Servizos comerciais
- ✓ Reforma e mantemento de edificios
- ✓ Electricidade e electrónica
- ✓ Fabricación e montaxe
- ✓ Cociña e restauración
- ✓ Aloxamento e lavandaría
- ✓ Peiteado e estética
- ✓ Industrias alimentarias
- ✓ Informática e comunicacións
- ✓ Informática de oficina.
- ✓ Fabricación e montaxe
- ✓ Carpintería e moble
- ✓ Actividades marítimo pesqueiras
- ✓ Arranxos e reparación de artigos textiles e de pel
- ✓ Tapizaría e cortinaxe
- ✓ Mantemento de vehículos
- ✓ Vidraría e olaría

2. Educación de Adultos

¿COMO SE ORGANIZA?

Estas ensinanzas son equivalentes ás da ESO.

As materias organízanse en tres ámbitos de coñecemento:

- 1) **Ámbito Social:** inclúe contidos de Xeografía e Historia, Economía, Iniciación á actividade emprendedora e empresarial e os aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica e Visual e Música.
- 2) **Ámbito de Comunicación:** Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Primeira Lingua Estranxeira.
- 3) **Ámbito Científico—tecnolóxico:** inclúe contidos de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas, Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas, Tecnoloxía, Tecnoloxías da información e da comunicación, e os aspectos relacionados coa saúde e co medio natural de Educación Física.

¿QUE DURACIÓN TEN?

Xeralmente duran 2 cursos académicos. Pódese facer a matrícula nun nivel completo ou de forma parcial nun ou dous ámbitos de coñecemento de calquera dos niveis.

En cada curso pódese cursar dous módulos, cunha duración cuadrimestral. Cada módulo correspóndese cun curso de ESO, quedando do seguinte xeito:

No 1º curso impártese: módulo 1 (1º de ESO) e módulo 2 (2º de ESO) No 2º curso impártese: módulo 3 (3º de ESO) e módulo 4 (4º de ESO).

Poderás permanecer cursando estas ensinanzas o tempo que o teu ritmo de aprendizaxe o precise. **Non hai límite de tempo.**

¿CALES SON OS REQUISITOS DE ACCESO?

Hai que cumprir un dos requisitos académicos e un dos requisitos de idade:

REQUISITOS ACADÉMICOS:

- Por validación de estudos anteriores. Ver equivalencias*
- Por superación do módulo anterior.
- No caso de non poder acreditar estudos anteriores superar unha proba de avaliación inicial (en setembro e en xaneiro) e segundo o nivel de coñecementos adscribirase a un módulo ou a outro.

REQUISITOS DE IDADE:

- No primeiro cuadrimestre (que se imparte de setembro a xaneiro) poden matricularse todas as persoas que cumpran dezoito anos ata o 31 de decembro. Para o segundo cuadrimestre (que se imparte de febreiro a xuño), poden matricularse os que cumpran dezoito anos ata o 30 de abril. Poderán matricularse con carácter excepcional as persoas menores de 18 anos que xustifiquen documentalmente algunha destas circunstancias:

→ Ter cursado ensino de persoas adultas con anterioridade.

→ Ter superado os módulos obrigatorios dun Programa de Cualificación Profesional no anterior curso académico.

→ Ter un contrato laboral en vigor que non permita asistir aos centros en réxime ordinario.

→ Ser deportistas de alto rendemento.

O departamento territorial que corresponda, tras o informe favorable da inspección educativa, poderá autorizar a matrícula na educación secundaria de adultos a aqueles alumnos que se encontren en centros de menores, con medidas legais de internamento en réxime pechado

Que horario teñen estas ensinanzas?

Terás ó redor de 20 horas semanais, que normalmente se imparten en horario de tarde.

Na modalidade semipresencial é obrigatoria a asistencia ás titorías de cada ámbito (unha hora semanal para o ámbito social, dúas sesións lectivas para o ámbito de comunicación e outras dúas para o ámbito científico-tecnolóxico).

A modalidade a distancia con titorías telemáticas non supón a asistencia a titorías presenciais. A comunicación cos titores é a través da [Aula Virtual do IES San Clemente](#).

Cando solicito praza? (prazos aproximados)

Modalidade presencial:

Presentación de solicitudes: Do 1 ó 15 de xuño.

✓ Matriculación 1º Cuadrimestre: Do 1 ó 10 de setembro.

✓ 2º Cuadrimestre: Do 9 ó 16 de xaneiro.

Modalidade a distancia semipresencial e telemática:

Presentación de solicitudes de admisión e matrícula:

1º Cuadrimestre: Do 1 de setembro ó 16 de xaneiro.

2º Cuadrimestre: Do 1 de febreiro ó 15 de maio.

¿Onde se ofertan estas ensinanzas?

- **A modalidade presencial e semipresencial pode cursarse nos centros EPA e nos IES autorizados:** EPA Eduardo Pondal (A Coruña), EPA Santa María de Caranza (Ferrol), IES San Clemente (Santiago de Compostela), EPA Albeiros (Lugo), EPA de Ourense, IES de Celanova, EPA Río Lérez (Pontevedra), EPA do Berbés (Vigo).
- **A modalidade a distancia telemática** impártese no IES San Clemente (Santiago de Compostela)

EQUIVALENCIAS

Primeiro curso de educación secundaria obrigatoria	Módulo 1 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas
Materias	Ámbito de coñecemento
Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía.	Científico-tecnolóxico
Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación
Xeografía e Historia.	Sociedade
Segundo curso de educación secundaria obrigatoria	Módulo 2 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas
Materias	Ámbito de coñecemento
Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía.	Científico-tecnolóxico
Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación
Xeografía e Historia.	Sociedade
Terceiro curso de educación secundaria obrigatoria	Módulo 3 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas
Materias	Ámbito de coñecemento
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía.	Científico-tecnolóxico
Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación
Xeografía e Historia.	Sociedade
Cuarto curso de educación secundaria obrigatoria	Módulo 4 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas
Materias	Ámbito de coñecemento
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía. (No caso de non ter cursado algunha das seguintes materias deberá ter superada a materia do terceiro curso).	Científico-tecnolóxico
Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación
Xeografía e Historia.	Sociedade

3. Acceder a un Ciclo Medio mediante Proba

• **Requisitos: de idade:** ter 17 anos ou cumprilos no ano de realización da proba.

• **Partes da Proba:**

- **Sociolingüística:** Lingua castelá, Lingua galega, Ciencias sociais.
- **Matemática:** matemáticas.
- **Científico-técnica:** Ciencias da natureza, Tecnoloxía.

• Se este ano fas a proba de acceso lembra que, unha vez superada, a certificación ten **validez en anos posteriores. Se superas só unha parte, se che mantén o aprobado desta parte durante 2 anos en Galicia.**

• **Materias e exames:** accede a edu.xunta.es/fp, tes o enlace cos exames anteriores e os materiais para preparalos

• **Data aproximada da convocatoria:** pode variar, normalmente entre xaneiro-febreiro.

4. Proba libre de Graduado en Educación Secundaria

¿En que consisten?

Se non acádache o título de educación secundaria pola vía ordinaria ou por adultos, podes acadalo superando unha proba que se convoca anualmente, no mes de maio e setembro.

¿Quen pode presentarse?

As persoas que teñan cumpridos 18 anos o día anterior á data na que se celebren as probas. Os/as matriculados/as na educación secundaria obrigatoria (ESO) ou na educación secundaria para persoas adultas, deberán renunciar ao dereito de seren avaliadas por esa matrícula oficial se desexan presentarse ás probas.

¿Que trámites teño que realizar?

Deberás entregar unha solicitude de matrícula para a proba, a fotocopia do DNI e unha certificación de áreas superadas de 4º de ESO (se é que tes algunha superada), nos IES que a administración autorice. A solicitude podes conseguila en calquera instituto.

Unha vez matriculado deberás estar pendente das datas, horarios e centros onde se realicen os exames.

O prazo de matrícula nas probas é en marzo e xuño. As probas son en maio e setembro.

• **Partes da proba**

As probas están estruturadas en 3 ámbitos, cada unha inclúe contidos de varias materias:

→ **Ámbito da comunicación:** L. castelá e literatura, L.galega e literatura e L. estranxeira.

→ **Ámbito científico-tecnolóxico:** Matemáticas, Tecnoloxía e Ciencias da natureza (contidos de Xeoloxía, Bioloxía, e Física e química).

→ **Ámbito social:** Xeografía e historia, Música e Educación plástica e visual.

• **Cantas veces me podó presentar ás probas libres?**

Todas as veces que o desexes, tanto na convocatoria de maio como na de setembro.

Se superas algún ámbito, resérvase a nota, de xeito que non terás que volver a examinarte dos ámbitos superados.

Tamén debes saber que se tes superado algún grupo de áreas de 4º de ESO, quedarás libre de examinarte nese grupo, tal e como se sinala a continuación:

• **Exencións:**

4º ESO	Módulos voluntarios PCPI	Grupos de materias das probas para obter o graduado en ESO
Lingua Galega e literatura Lingua Castelá e literatura 1ª ou 2ª lingua estranxeira	Comunicación	Lingüístico
Matemáticas Bioloxía-Xeoloxía Física-Química Tecnoloxías	Científico-Tecnolóxico	Científico-Tecnolóxico
C. Sociais, xeografía e hª	Social	Ciencias Sociais



RESOLVENDO SUPOSTOS

- Se queres cursar o Grao Universitario de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, que modalidade/s podes escoller? Precisas algún requisito ademais de obter o Título de Bacharelato?
- Se queres facer o C.S de Fútbol que terías que cursar?
- Se fas o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, en que orde de preferencia estarías se queres facer o C.S de Hixiene Bucodental?
- Se queres facer Psicoloxía, que Bacharelato e materias deberías escoller?
- Hai algunha maneira de chegar á universidade sen o título de Bacharelato?
- Como se accede ao C.S de Fotografía Artística?
- Queres ser director de cine/teatro/tv, que podes estudar e como se accede?
- Se fas o C.M de Farmacia e Parafarmacia e logo quixeras facer o Grao Universitario de Farmacia que terías que estudar?
- Se non obtés o Graduado, que podes facer?
- Para realizar o CS de Dirección de Cociña, que modalidade é a que che ofrece maiores posibilidades de entrar?
- Que pasaría se queres cursar Enfermaría e en 4º non escolliches Bioloxía?
- Terías algunha consecuencia se queres acceder a un Ciclo Medio e titulas na ESO con algunha materia suspensa?

LEMBRA...

